




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Seo de Corcubión. Municipio: Fisterra. Parroquias: Santa María de Fisterra. Extensión: 1,16km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade composta por ladeiras de forte pendente, ao redor do 40 %, que descenden progresivamente desde o Monte do Facho até a costa oriental do Cabo Fisterra. O contacto co mar prodúcese a través de paredes rochosas de maior desnivel.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

No relacionado co Hercínico, reparto entre un granitoide migmático nas ladeiras medias e baixas, frecuentemente con carácter nebulítico; e un granito de megacrístais, coñecido como "Tipo Fisterra", xa Tardihercínico, na cima dos montes. Existe un dique de microgranitos próximo á liña de costa entre A Centoleira e Coído do Inqueiro. Varios enclaves, ás veces en franxa continua, de xistos e paragneis alórganse en posición similar e acompañando aos microgranitos, entre A Centoleira e Coído de Cabanas. Estes últimos materiais pertencen ao Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas, Grupo de Laxe, e a súa idade é precámbrico-silúrica.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Tramo acantilado exposto ás masas de aire húmido oceánico polo que se rexistran maiores precipitacións que noutros sectores costeiros próximos, situándose no rango de 1400mm a 1600mm ao ano. As temperaturas son suaves superando os 14°C de media anual e a oscilación térmica varía entre 12,5°C e 13,5°C. Polo tanto a unidade inclúese no dominio climático Cálido e Moi Húmido.

OS SOLOS

Dominio dos solos tipo leptosol lítico e regosol en toda a unidade, debido á súa natureza acantilada na que destacan as vertentes en xeral de forte pendente e sobre as que con frecuencia aflora o substrato rochoso en superficie.

AS AUGAS

A rede hidrográfica desta unidade conta cun escaso volume de desaugue ao recoller as augas da ladeira oriental do Monte Facho. O maior arroyo desemboca no Coído do Inqueiro, nas Augas Costeiras do Cabo Fisterra (20141).

O PATRIMONIO NATURAL

Vertentes baixas e punta do cabo pertencen ó LIC Costa da Morte. Sector acantilado potente con dominio do hábitat 1230 de cantís mariños atlánticos. O dinamismo das ladeiras propician acumulacións ao pé dos mesmos e así o hábitat 1210, vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados. As vertentes presentan extensións de mato, aínda que en bastantes sectores se encontran degradadas polas repoboacións forestais. Dominan os breixos costeiros secos: 4030, breixos secos europeos; do 4040, breixos secos costeiros atlánticos de Erica vagans. Porén, as valgas de Cabanas e O Inqueiro, posúen tipos de mato húmido que se poden incluír no hábitat 4020 de breixos húmidos atlánticos de Erica ciliaris e Erica tetralix. Nestes sucos do relevo aparecen tamén pequenos rodais de frondosas ripícolas (91E0). A aparición de afloramentos graníticos nas partes somitais desenvolve o grupo 82 de hábitats, é dicir, o de pendentes con vexetación casmofítica.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

As vertentes orientais do Cabo Fisterra, onde as transformacións antropoxénicas incidiron en maior medida sobre as súas ladeiras, están poboadas por matogueira costeira intercalada con manchas descontinuas de frondosas de repoboación. Estas masas de frondosas son máis homoxéneas na zona norte da unidade. Nesta zona apréciase que influíu máis a man do home, xa que hai varias construcións, sobre todo infraestruturas.

MORFOLOXÍA

Como na ladeira oeste do Cabo Fisterra, nesta vertente non hai ningún núcleo de poboación, pero si que existen construcións illadas de carácter funcional. Partindo desde a punta do cabo, dirección norte, pola estrada AC-4408, atopámonos co cemiterio de Fisterra, situado a media ladeira entre a liña litoral e esta estrada.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede viaria da unidade Fisterra Este componse dunha estrada principal a AC-4408, que percorre a unidade de norte a sur. Esta vía é a que comunica o núcleo de Fisterra co Faro, cun percorrido sinuoso vaise adaptando perfectamente ao relevo do terreo. O resto da rede viaria componse de camiños de terra, que cumpren a función de dotar de accesibilidade ao conxunto do territorio.

PATRIMONIO HISTÓRICO

En xeral en todo o ámbito do cabo Fisterra hai unha gran riqueza patrimonial. Destaca sobre todo o conxunto formado polo Faro de Fisterra, A Sirena e o Semáforo. Este conxunto está situado na zona máis meridional do cabo, na divisoria natural entre as dúas vertentes do Cabo Fisterra e límite entre esta unidade paisaxística e a de Fisterra Este. O Faro de Fisterra, construído en 1853, a 138 m. sobre o nivel do mar, é o máis occidental de Europa, foi considerado tradicionalmente o cabo do fin do mundo. O edificio anexo é A Sirena, popularmente coñecida como a Vaca de Fisterra, construíuse, para que os días que hai néboa emita uns sons estridentes que poden escoitar os barcos. O terceiro edificio do que se compón o conxunto é o Semáforo, situado a máis altura que o propio faro. A súa misión orixinal era a de emitir sinais á mariña de guerra. Actualmente é unha casa de turismo rural. Na unidade de Fisterra este, destacan, as ruínas da Ermida de San Guillermo (BIC), situada nun alto do Monte Facho. Segundo a tradición esta ermida estaba asociada ao culto ao sol, hoxe en día declarada como BIC. Nesta ladeira tamén están situadas as Moas do Muíño de Cabanas. E como patrimonio arquitectónico máis recente temos o cemiterio de Fisterra, trátase dun cemiterio civil formado por varios módulos prismáticos.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Xunto con Fisterra Este, esta unidade forma parte do Cabo Fisterra, o cabo máis occidental de Europa. Este conxunto natural e cultural de características moi singulares, está formado por grandes cantís rochosos, con pendentes case verticais que avanza sobre o mar uns 5Km en dirección sur. A pesar de ser o maior reclamo turístico do concello de Fisterra é unha paisaxe que sufriu poucas alteracións de orixe antrópico, conservando a súa gran beleza natural e paisaxística. A unidade Fisterra Este a pesar de ser a vertente máis humanizada do conxunto, aínda mantén o seu gran valor natural e cultural . Como todo o conxunto a súa franxa litoral está formada por grandes cantís, sobre todo na zona sur da ladeira, que conserva a súa cuberta vexetal . A súa orientación este imprímelle un carácter máis sosegado, non tan salvaxe, xa que as súas costas están bañadas polas augas da enseada da Langosteira, onde o mar non golpea con tanta forza.

DINÁMICA DA PAISAXE

A Paisaxe do Cabo Fisterra en liñas xerais non sufriu demasiadas transformacións na súa estrutura paisaxística, pero a presión turística á que se someteu ou ao longo do tempo traduciuse nun aumento de infraestruturas e equipamentos. As transformacións sufridas na ladeira este van encamiñadas sobre todo na ampliación das infraestruturas de comunicación, debido principalmente ao aumento da actividade turística. Aparecen novos camiños de terra para acceder a zonas repoboadas do Monte San Guillermo e novos equipamentos como o cemiterio e os depósitos de auga.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A zona na que se atopa o Cabo de Fisterra, é unha zona envolta nun halo de misterio e romanticismo, non só polas súas características xeomorfolóxicas, senón tamén polas evocacións que exerce no imaxinario colectivo . A súa riqueza natural e cultural atópase en múltiples recunchos, desde a súa gran variedade patrimonial como, O faro de Fisterra, as ruínas da Ermida de San Guillermo, As Pedras Santas até as súas grandes paredes acantiladas. Como toda a Costa da Morte, o seu litoral e unha grande área marítima que está protexida pola Rede Natura2000, sendo LIC e ZEPVN, debido ao seu valor ecolóxico. Lugar singular, onde se fusionan a paisaxe natural excepcional cun ambiente evocador no que se dan cita o relixioso e o simbólico. As postas de sol desde o Faro son, sen dúbida, un belo espectáculo. Do mesmo xeito, desde o Monte Facho, nos días despexados pódese divisar a liña costeira das Rías Baixas e mesmo parte de Portugal.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



